

Avaliar unha páxina web

Non todo canto aparece na rede son documentos de calidade contrastada, antes ben, hai que pensar que esta é unha das súas principais virtudes: **TODOS** podemos ser creadores de contidos.

É por isto que os aprendices de investigadores deben aprender algunhas habilidades para contrastar a validez dunha información. Imos fixarnos nos seguintes aspectos das webs:

1. Quen a fixo? Autoría e Autoridade.- Unha páxina debe ter en lugar accesible o nome do autor ou autores ou, no seu caso, da institución que a avala, así como algunha forma de contacto con eles. De non ser así, a información non debe ser tida en conta. Daremos prioridade a aquelas que estean avaladas por institucións de recoñecido prestixio (universidades, institutos, Reales Academias...)

2. Está actualizada? A información caduca. Por iso, se unha páxina no se actualiza hai tempo ou ben unha información publicouse con moita anterioridade ao momento da consulta, debe descartarse, sobre todo en asuntos relacionados coa ciencia e/ou a actualidade. Deberemos buscar sempre a data da última actualización.

3. Ten ligazóns? O número de ligazóns que unha páxina recibe, así como o dos que dela mesma parten, con frecuencia é unha garantía de que o sitio está ben interconectado e non elode a conexión con redes de prestixio. Un sitio sen ligazóns non deberá merecer a nosa atención.

4. Para que se fixo? Intencionalidade.- É preciso averiguar a intencionalidade do autor e escoller aqueles documentos nos que está excluída a publicidade de calquera índole. É claro que se o obxectivo é vender algún produto, a información que alí apareza estará sesgada e carente de obxectividade. Isto inclúe a publicidade ideolóxica: organizacións políticas, relixiosas, empresariais... Concluimos, pois, que calquera información que ofrezan terá que ser contrastada noutros documentos.

5. Enténdela? Non perdas o tempo cunha páxina que sexa demasiado difícil de entender. Decide rapidamente se che serve ou non. Probablemente fas o mesmo cos libros sen te decatar, fixándote en:

- A linguaxe – demasiado difícil?
- A extensión- Demasiado longa? Ben organizada? É doada de ler?
- Se hai fotografías ou gráficos que axuden a entender o texto.

Imos agora practicar realizando a seguinte investigación:

Investigamos sobre O SAMAÍN

1. Poñemos nun buscador a palabra “Samaín” e nos fixamos nas tres primeiras páxinas que nos recomenda.
2. Comprobamos se esas tres páxinas son fontes seguras cubrindo estes cadros:
Primeira páxina:

URL: http://
Que fixo esta páxina?
Cres que os/as autores desta páxina son de confianza? Por que?
Para que cres que foi elaborada esta páxina?
Hai información de contacto?
Foi actualizada recentemente?
Ten ligazóns? Están estas ligazóns activas?
Ten publicidade?

Segunda páxina:

URL: http://
Que fixo esta páxina?

Cres que os/as autores desta páxina son de confianza? Por que?

Para que cres que foi elaborada esta páxina?

Hai información de contacto?

Foi actualizada recentemente?

Ten ligazóns? Están estas ligazóns activas?

Ten publicidade?

Terceira páxina:

URL: <http://>

Que fixo esta páxina?

Cres que os/as autores desta páxina son de confianza? Por que?

Para que cres que foi elaborada esta páxina?

Hai información de contacto?

Foi actualizada recentemente?
Ten ligazóns? Están estas ligazóns activas?
Ten publicidade?

3. Buscamos agora nestas páxinas a seguinte información e copiamos as respostas ás seguintes preguntas sobre este tema:
- Que orixe ten esta celebración?
 - Que celebraban os pobos onde se orixinou nesta época do ano?
 - En que datas se celebra?
 - De que lingua vén a palabra *Samaín*?
 - Copia algunha das tradicións asociadas ao Samaín: